<ul style="list-style-type: none"> - A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. - Habilidades sociais e habilidades de comunicación. Estratexias para superar as eivas de comunicación. - O proxecto persoal: o autocoñecemento. - O coñecemento persoal: habilidades, aptitudes, motivacións e intereses persoais. - Análise de fortalezas e debilidades propias.

UD	Título da UD	Duración
7	Nos e os demais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe e desenvolvendo estratexias que o melloren.	Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe e desenvolvendo estratexias que o melloren.	PE	80
CA1.6 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.		
CA1.7 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano		
CA2.4 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	TI	20
CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A compoñente emocional do noso psiquismo. - Recoñecemento e control das emocións.

Contidos

- Benestar e hábitos saudables.
- Outros ámbitos do psiquismo: cognición, intelixencia, personalidade
- A constitución da personalidade: influencias biolóxicas e da contorna. As teorías dos trazos.
- A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo.
- Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción. Estilo atribucional. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. Estratexias para enfrontarse ao fracaso e á frustración.
- A formación académica.
- Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.
- O proxecto persoal: o autoconecemento.
- Plans de autoconecemento e de formación académica e profesional.
- Análise de fortalezas e debilidades propias.
- A diversidade como elemento enriquecedor.

UD	Título da UD	Duración
8	Creatividade e ocio saudable	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Identifica calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos	PE	80
CA2.3 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	aplica estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.		
CA2.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	mostra actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valora a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.	TI	20
CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Explora a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A formación profesional. - Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades. - O proxecto persoal: o autoconñecemento. - A intelixencia emocional. Autoconñecemento, autocontrol, automotivación, empatía e habilidades sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional debe desenvolver, de xeito gradual e progresivo, as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave.

O enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima das e dos estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas nun pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e a resolución lóxica de problemas.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensino e aprendizaxe aseguraranse distintos tipos de aprendizaxe:

- Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos, aprenderán a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
- Aprendizaxe funcional: os novos contidos aplicaranse en diferentes contextos cando as e os estudantes así o precisen.
- Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axudará no perfeccionamento persoal e social do alumnado.
- Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos, do encerado dixital, de aplicacións informáticas... que serán empregados como recursos de apoio.

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender en por si e para traballar en equipo. Ademais fomentárase a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolverase a súa capacidade de aprender a aprender.

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.
- c) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lectura de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuírase ao Plan TIC coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no proxecto educativo do centro como o Plan de actividades do Departamento de orientación, o Plan de acción tutorial, o Plan de atención á diversidade ou o Proxecto lingüístico de centro, tendo presente en todo momento a Programación xeral anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da materia
Dotación da aula (proxeccionador, encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Aula virtual do centro
Caderno da alumna ou o alumno
Portfolio
Materiais audiovisuais

Tomando como referencia para cada curso un libro(Formacion e orientacion persoal e profesional de Abelardo Bagues) poderanse aproveitar as posibilidades do centro como a pizarra dixital, aula TIC e a aula virtual para realizar diferentes actividades así como as plataformas telemáticas etc que tomaran maior protagonismo en caso de ensino a distancia segundo a situación sanitaria.Polo carácter cambiante da Economía utilizaranse recursos da rede, prensa escrita e manuais variados que se lle facilitarán ao alumando. Nos casos concretos de exercicios con resolucións matemáticas permitirase o uso de calculadora

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días do curso farase unha proba inicial para todos os alumnos a fin de avaliar o seu nivel que xunto análise dos informes individualizados do ano anterior permitira identificar as dificultades do alumnado así como as necesidades de atención educativa

Esta proba consistirá nunha serie de cuestións orais ou escritas que versarán sobre os contidos a tratar na materia, relacionados cos de cursos anteriores. O resultado da proba non quedará reflectida na avaliación final do alumno. Os resultados da proba complementaranse cos recollidos nas primeiras semanas do curso. Terase en conta que gran parte do alumnado non cursou Economía en cursos anteriores no deseño da mesma.

Debido a particularidade da materia de economía, onde cada unha das unidades didácticas pertence a campos relacionados pero con contidos ben diferenciados, realizaremos unha avaliación oral ao inicio de cada unha das unidades didácticas para saber o punto de partida de cada un.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	16	17	11	11	11
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	100
Proba escrita	80	80
Táboa de indicadores	20	20

Criterios de cualificación:

Avaliación continua:

Periodicidade das probas:

Realizárase a lo menos unha proba escrita por avaliación e materia.

Cualificación das probas

Cada unha das probas realizadas será puntuada sobre 10, sexa oral ou escrita. Considerase a proba superada con nota igual o superior a 5.

Cualificación de cada unha das avaliacións

De forma xeral para todas as materias para considerarse aprobada cada avaliación a cualificación numérica debера ser igual o maior que 5.

Cualificación de cada unha das avaliacións:

- 80% proba obxectiva.
- 20% observación , traballos, caderno e todas as actividades da clase en xeral.

No caso de actividade lectiva non presencial:

- 70% proba obxectiva telemática.
- 30% traballos tarefas e cuestionarios na aula virtual.

Avaliación Final:

Para superación da materia será necesario obter polo menos un 5 na nota final que será a nota media das tres avaliacións. Para o calculo desta cualificación terase en conta a nota de cada avaliación con redondeo a dous decimais. No suposto de que esta nota final conteña decimais, redondearase ó enteiro máis próximo por exceso ou defecto.

Avaliación Extraordinaria :

Aqueles alumnos/as que pola súa evolución ao longo do curso non acaden unha cualificación final de 5 ou superior, deberán realizar unha proba de recuperación extraordinaria no mes de Xuño a fin de acreditar ter alcanzado os obxectivos xerais do curso, na que deberán obter ao menos un 5 para superar a materia.

Criterios de recuperación:

Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada

O alumno que obtivese unha cualificación inferior a cinco puntos na primeira, segunda ou terceira avaliación poderá recuperala mediante una proba de recuperación que será realizada ao final de curso , facendo unha proba soamente das avaliacións no superadas; o exame será presencial sempre que sexa posible

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos. No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todas as alumnas e todos os alumnos expoñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a etapa da educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todas e todos os estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral que lles outorgue experiencias de aprendizaxe significativas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual					X	X	X	
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade						X		
ET.7 - O emprendemento social e empresarial							X	
ET.8 - O espírito científico					X	X	X	
ET.9 - O espírito crítico					X	X	X	
ET.10 - A educación en valores					X			
ET.11 - A educación para a saúde					X	X		
ET.12 - A educación afectivo-sexual					X			
ET.13 - A igualdade de xénero					X	X	X	
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes					X			
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero					X			
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista					X	X	X	
ET.17 - A formación estética						X		
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático					X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.19 - A educación para a sustentabilidade							X	
ET.20 - A educación para o consumo responsable							X	
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social					X	X		
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.23 - O respecto mutuo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais que se recollen neste curso para esta materia son aqueles que o proceso de ensino e aprendizaxe de todas as materias debe incluír (elementos transversais 1 a 10) pero tamén doutros que deben ser incluídos ao longo da etapa (elementos transversais 11 a 24). A este respecto, a materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional pretende e permite dar cabida a todos estes elementos debido ao carácter da mesma e ao enfoque que se lle pretende dar.

Ao longo do curso haberá momentos nos que se traballen de forma específica e teranse en conta, por exemplo, á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará (sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais); tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan etc. Non obstante, haberá elementos transversais que teñan presenza ao longo de todo o curso como a cooperación, o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos... e sempre que sexa preciso traballar puntualmente neles así se fará.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas - coloquios	Participación de antigo alumnado do centro achegando as súas experiencias.	X	X	X

Observacións:

Poderanse realizar ao largo do curso vcoa colaboracion do antigo alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Participación activa de todo o alumnado.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.

Descrición:

Desenvolverase a avaliación do ensino e os seus compoñentes conforme a estratexias que permitan obter información significativa e continua para formular xuízos e tomar decisións que favorezan a mellora de calidade do ensino.

Para obter información do proceso de ensino e/ou seguimento e valoración do traballo do profesor poderase empregar algún cuestionario como por exemplo :

INDICADORES DE LOGRO DE PROCESO DE ENSINO VALORACIÓN

(De 1 a 4) PROPOSTAS DE MELLORA

Motivación inicial do alumnado

1 Os contidos na clase son de interese do alumno.

2 Relaciónanse os contidos con temas actuais.

Motivación ao longo de todo o proceso

3 Prémianse as boas prácticas do alumno/a na clase

4 Axúdase o alumno cando non alcance un obxectivo

Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)

5 O nivel de dificultade foi adecuado as características do alumno

6 Conséguese crear un conflito cognitivo que favoreza o aprendizaxe

Actividades na aula

7 Hai espazo suficiente para a evolución das actividades

8 Foméntase o uso das TIC para resolver diferentes problemas

Recursos e organización da aula

9 O recursos para o desenrolo das clases son suficientes

10 O alumnado esta colocado de forma que ningún alumno non escoite ou vexa correctamente as presentacións

Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado

- 11 Compróbase a correcta comprensión das tarefas por parte de todo o alumnado.
- 12 Foméntase a resolución de dúbidas, que o alumno non teña reparos a preguntar todo aquilo que non saiba.
- Clima da aula
- 13 O ambiente na aula e de cordialidade e civismo
- 14 Promóvese o respecto polo compañeiro/a
- Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe
- 15 Os instrumentos de control son variados
- 16 Realízanse controis de forma habitual
- Diversidade
- 17 Realízanse actividades diferentes atendendo a diversidade que presenta o alumnado.
- 18

Tendo en conta os seguintes indicadores de logro:

- 1 = Escaso/non logrado.
- 2 = Básico.
- 3 = Satisfactorio.
- 4 = Excelente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación terá un seguimento permanente por parte dos membros do departamento no relativo ao grao de cumprimento, proceso de ensinanza e aprendizaxe e desviación entre resultados obtidos e esperados.

Tamén se irá tomando nota de todas as suxestións que vaian xurdindo co obxectivo de velar polo axuste e calidade da nosa programación a través do seguimento dos seguintes indicadores:

INDICADORES DE LOGRO DE SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN VALORACIÓN

(De 1 a 4) PROPOSTAS DE MELLORA

- 1 Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- 2 Adecuación da secuenciación e da temporalización das Unidades didácticas / temas / proxectos.
- 3 O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- 4 Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
- 5 Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
- 6 Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
- 7 Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
- 8 Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
- 9 Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
- 10 Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- 11 Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- 12 Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
- 13 Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
- 14 Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
- 15 Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para 2º de bacharelato].
- 16 Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
- 17 Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
- 18 Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
- 19 Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
- 20 Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
- 21 Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
- 22 Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
- 23 Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
- 24 Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- 25 Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- 26 Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
- 27 Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
- 28 Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- 29 Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- 30 Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados